

ESCOLMA DE TEXTOS DE VICENTE RISCO.

O PROBLEMA POLÍTICO DE GALIZA

A existencia dun pobo con sustantividade, con caracteres diferenciáis que a expresan e manifestan, ofrece sempre á nosa consideración un conxunto de problemas interdependentes de índole etnográfica, xeográfica, filolóxica, histórica, económica, psicolóxica, etc. Mais hai outro problema que os envolve a todos, e este é un problema político. Por eso dixemos que o problema de Galiza, como o de todas as nacións do mundo, é, no seu baseamento e no cumio, un problema político.

Si non queredes poñer nación, poñede rexión, minoría nacional, etc. ou como queirades. O resultado, sustancialmente, é o mesmo: *un pobo*. E o problema dun pobo sustancialmente tal é un problema político porque é un problema de persoalidade colectiva, e toda persoalidade, ante o dereito natural, *é un conxunto de dereitos xurídicamente esixíbeis*. Un pobo esixe, necesita unha suma de garantías para o desenvolvemento libre da súa vida, e a xusticia ordena que lle sexan prestadas esas garantías. A discusión desas garantías é unha cuestión de dereito. A súa obtención e máis a súa defensa son unha cuestión política.

Ora ben: ninguén pode negar a Galiza como pobo, como persoalidade natural. Polo tanto, ninguén que teña unha noción elemental da xusticia pode negarlle os dereitos que como tal pobo lle corresponden. A discusión pode versar, non dende o punto de vista do dereito estricto, senón dende o da comenencia, sobre un *máis* ou un *menos*, sobre a maior ou menor extensión ou intensidade deses dereitos. Endexamáis encol da súa existencia.

Esto soméllame tan claro, que creio imposíbel que se poida argumental escontra délo de boa fe.

A persoalidade natural de Galiza, aparece afirmada pola raza, pola lingua, pola tradición cultural, pola historia, pola unidade xeográfica do seu territorio, pola distribución do home na terra, polo réxime da familia e da propiedade, polas formas económicas, polos métodos de traballo, polas crenzas, polos costumes, polo folcklore, pola poesía, pola arte, pola psicoloxía do pobo, dunha maneira tan clara, tan nidia, que se diferencia notábelmente de todas as outras rexións de España, e dende tempos tan antigos, que a súa caracterización autónoma remóntase polo menos á fase eneolítica, e con tal persistencia que en conxunto a *facies* etnográfica de Galiza consérvase inconfundíbel e perfectamente distinta das culturas de tipo oriental ou catalán e de tipo central ou castelán. É este un feito que todo observador sinceiro ten que recoñecer, inda que bata cos seus prexuícios.

Non é deste lugar o facer un estudo detido dos caracteres diferenciáis da colectividade galega. Mais non é posíbel pasar por alto ún tan significativo como é o *idioma*. O idioma é un dos máis importantes elementos de diferenciación dos pobos, o máis importante, porque un idioma é sempre o signo exterior e cecáis o determinante dunha cultura máis ou menos desenvolvida, e polo tanto dunha alma colectiva independente. Tanta é a importancia do idioma no Dereito internacional moderno, que o idioma soio abonda para caracterizar e para determinar os dereitos que as actuais convencións e tratados recoñecen e garantizan ás que se chaman técnicamente *minorías nacionáis*. Abonda o idioma para constituir unha minoría nacional. Pois Galiza posee un idioma propio que aínda hoxe é falado polas nove décimas partes da poboación, non soio no campo, senón na maioría das cidades, como calquera pode comprobar.

Ora ben: un idioma é unha *mentalidade*. Existe, pois, unha mentalidade galega, diferente da de todos os demais pobos de España. Esta mentalidade é suficientemente apreciada como feito polos críticos que estudian a nosa produción literaria e artística, na que atopan caracteres diferenciáis que denuncian unha especial e para eles estraña psicoloxía. Atópana tamén os que tiveron ocasión de estudar as manifestacións do noso xenio popular, que presentan os mesmos caracteres psicolóxicos que os da produción erudita. E apreciada, ademáis por todo o mundo, que sabe que existe un *carácter galego*, unha maneira especial de se producir e de se comportar propia dos galegos e nada máis que dos galegos.

Pódese xulgar máis ou menos favorábelmente a nosa literatura, a nosa arte, o noso carácter. O que non se pode é dubidar de que existen unha literatura galega, unha arte galega, un carácter e unha mentalidade galega. Mais unha mentalidade colectiva diferente é un pobo. Nos somos diferentes dos demais españois, e ser diferente é ser esistente; diferenciarse é ter persoalidade.

A personalidade galega é fundamente sentida polos habitantes de Galiza, que a sinten precisamente como diferenciación. Os galegos todos recoñécense a sí mesmos como diferentes dos outros pobos de España. Aínda nos casos xa menos abundantes hoxe que antano, en que o galego trata de imitar, de asimilarse ao castelán ou ao crioulo, síntese como distinto deles. O mesmo feito de querer disimular os seus caracteres raciais implica o sentimento dunha diferenca entre el e aqueles aos que quixera asemellarse, ao que se engade a conciencia máis ou menos clara da dificultade que atopa en modificar o seu natural e da violencia terríbel que para elo ten que facerse, as máis das veces cun resultado ben pouco lisonxeiro. Porque para os demais tamén, por moi ben que articule o seu adulterado e moitas veces ridículo castelán, sempre seguirá sendo galego, non sempre ben acollido, endexamáis estimado no que tén de propio.

Esta personalidade fundamente sentida hai casos nos que reacciona dun modo valente e afirmativo, ao verse obxecto de bulra e de vilipendio por parte dos que falan a lingua e poseen o carácter privilexiado en España - privilexiada a lingua pola lei, privilexiado o carácter pola estimanza pública -, e nestes casos, o galego, de ordinario vergoñosamente, humillantemente sumiso e desprezador de sí mesmo, adquire, ao afirmarse como tal galego, unha dignidade que o enleva plenamente da inferioridade do escravo voluntario á condición de home e de posíbel cidadán.

Dun xeito ou de outro, non somentes posee Galiza unha personalidade definida, senón tamén a conciencia desta personalidade. Esta personalidade e este vivo sentimento déla require xa unha expresión xurídica, esixe ser recoñecida polo dereito positivo. É un título de *nacionalidade* ou, si queredes, de *rexionalidade*, e ha tender necesariamente a unha plena realización na historia. Problema político, dende logo.

Velaquí o primeiro problema político de Galiza: primeiro por dignidade, pola dignidade individual, persoal de cada galego e pola dignidade colectiva do noso pobo.

Pola dignidade individual de cada galego. Díxose moitas veces, e sempre con razón, que os galegos eran e son cidadáns de *terceira clase* do Estado español. Són por moitas razóns: razóns de orde político, razóns de orde económico, que examinaremos no seu lugar, e sóno dun xeito especial por razóns de orde espiritual. Nefeito, cada galego, como cidadán do Estado español, ten dereito a que os caracteres conxénitos e hereditarios que o diferencian e o legado de tradicións culturais que recibiu dos seus devanceiros, e dun xeito especial o idioma, que os resume e sintetiza, obteñan ante a lei e ante a consideración dos seus concidadáns o mesmo respecto, os mesmos dereitos e as mesmas garantías de que gozan os outros cidadáns do mesmo Estado. Isto é evidente. Pero de feito en España existe unha lingua e unha cultura privilexiadas: a lingua e a cultura de Castela, e a ela sacrificanse as das demais Rexións. O idioma galego está desterrado da administración pública e do ensino. Un galego pode obter os máis altos grados universitarios; un galego ou un estraño a Galiza pode desempeñar no noso territorio os máis altos postos da administración pública descoñecendo totalmente o noso idioma, a nosa literatura, a nosa historia, a nosa organización social e económica, a nosa riqueza e todo canto concerne á vida da nosa Terra.

Esto, ademáis dos seus perniciosos efectos de orde práctico non pode menos de ferir profundamente a dignidade de todo galego que teña este sentimento.

Pero aínda hai máis: un pobo — unha personalidade colectiva caracterizada — é unha posibilidade cultural e económica orixinal que ten dereito a se realizar a sí mesmo e a non ser estorbada no seu desenrolo. Non soio a non ser estorbada, senón a ser favorecida, a que lle presten as condicións necesarias para o seu desenvolvemento, para o seu acrescentamento. As institucións políticas non teñen samente como fin o mantimento do orde xurídico, senón dar forma de Dereito á personalidade colectiva e fomentar, cando non dirixir conforme á tradición que marca as súas posibilidades, o seu desenvolvemento espiritual e o seu desenvolvemento económico.

Hai aquí tamén un problema práctico, non somentes de dignidade. O galego é ensinado dende meniño a desprezarse a sí mesmo, a renegar da súa personalidade, a refugar toda a herdanza espiritual dos seus devanceiros. Edúcaselle no desdén ao seu idioma, aos seus costumes, ás súas tradicións, ao seu propio carácter. É incalculábel o efecto destructor que esta educación ten sobre a psicoloxía individual. Cada galego experimenta con elo unha capitidismución perniciosa para a loita pola vida, porque o enconica e póno en condicións de inferioridade ante todos. Non se estreve a confesar a súa orixe, procura disimular os seus caracteres de raza, aniquilar todo aquilo que podendo ser unha forza ensináronlle que era un atranco. Así lograron criar os nosos educadores un tipo realmente inferior de humanidade, humilde, louvamiñeiro de todo o alleo, fuxindo do traballo agrícola que practicaron ou practican os seus pais, e aceptando, en troques, oficios servís, ou os que os homes de outras razas refugan desempeñar, volvendo da emigración para aparentar desprezo por todo o que ven na Terra na que naceron e aspirando a redimirse da agricultura pondo unha tendiña onde explotar aos seus conveciños. Benfadadamente este

tipo escomenza a diminuir. Mais para eso foi necesario emprender un labor de educación extraescolar inversa á que reciben os nosos fillos.

Ademáis, un pobo non ten somentes o deber de realizar o seu xenio, máis ou menos apto, en todos os ordes, verbo de sí mesmo, senón tamén verbo dos demais. A solidariedade internacional, crecente cada día, obriga a cada pobo a precurar a plena realización da súa persoalidade autóctona. Eso non é xa simplemente un dereito, é un deber. Cada pobo débese aos demais con todas as posibilidades diferenciáis de que o dotou a Natureza. Non ten dereito a anular nin a permitir que sexa anulada a súa persoalidade. Non ten dereito a privar ao mundo dunha variedade cultural, e económica, sí efectivamente ten de exercer unha acción tutelar e civilizadora e non simplemente unha acción de mando que non esixa máis que obediencia.

É indudábel que lle pode vir a España unha gloria moito meirande, por exemplo, de ser o berce fecundo e coidadoso de tres culturas diferentes; a galega, a castelá e a catalá, que de ter afogado e feito perecer dúas délas. A mesma cultura española sufriría grandemente si esto último chegara a acontecer.

E si o Estado non tén dereito a facer desaparecer a cultura autóctona dun pobo, este pobo tampouco tén dereito a consentilo. Tén a obriga ineludíbel de defendela, e esta defensa realízase mediante unha acción política. A política proporciona os medios legáis de defender a persoalidade e a cultura dun pobo, e tamén os medios de ausiliar á súa realización.

Este é o primeiro problema político de Galiza: realización da persoalidade galega na súa estroituración e na súa produción cultural. O primeiro soio se pode conseguir coa autonomía rexional; o segundo tén nesta autonomía a garantía máis perfeita de realización. Mais pódese realizalo deica certo punto sin autonomía, e polo menos namentras a autonomía non se conquerira. Pero compre unha acción política defensiva e continuada.

O PROBLEMA ECONOMICO DE GALIZA

Non é un segredo para ninguén que o estado económico de Galiza non é, nin moito menos, próspero. Encol desto son abondo instructivas as constantes queixas e reclamacións dos galegos, e moi especialmente o feito de velos emigrar en masa. A dependencia en que se atopa o campo galego do diñeiro de América é un dos grandes azoutes que o aqueixan.

A situación económica de Galiza ven sendo triste dende moi atrás. Haberá que apelar sempre a ese libro, verdaderamente terríbel na súa sinxela elocuencia documental, que se titula modestamente *Notas viejas galicianas*, de D. Pablo Pérez Constanti, que todo galego deberá ler para vivir en toda a súa intensidade o martirio de Galiza durante tres séculos. Mais hoxe a situación económica agravóuse extraordinariamente. Agravóuse por dúas causas: primeira, porque dada a moderna organización da vida económica mundial, o non adiantar neste orde é perecer, e Galiza progresou moi pouco ou case nada. E o pobo que non progresa, que non obtén unha base de independencia económica, convírtese necesariamente en vítima dos demais. Prégase o pacifismo, a guerra á guerra, coas armas. Prégase a emancipación das clases traballadoras. Admitese aínda a dictadura destas. Mais mantense o principio do imperialismo económico, a explotación duns pobos por outros, a título de colonización ou de dependencia política. Esquécese que si o proletariado se vai emancipando como clase, sigue e seguirá habendo *pobos explotadores e pobos proletarios*. E síguese explotando a estes pobos, xa aproveitando empresas estranxeiras as súas riquezas naturais, xa obrigándolles a mercar os produtos dos pobos dominadores, xa someténdoo a un sistema económico e financeiro que se lles impon dende afora. E isto fáise invocando a solidariedade huma... Galiza está, como veremos, sometida a un sistema económico que empece o seu desenvolvemento, e convertida en mercado forzoso de determinados produtos.

A segunda causa é o ter aumentado as necesidades, principalmente o luxo, sin teren aumentado os recursos. O exemplo das cidades e dos americanos induz aos labregos galegos a un aumento de esixencias, moitas delas artificiais: o vestir ao estilo dos señoritos, algúns mobles de luxo, o café, as viaxes, etc., e como os ingresos non aumentan, nin moito menos, en proporción, o desnivel económico acentúase cada vez máis. Esta é observación vulgar que se recolle en todas partes, de boca de toda clase de xentes: os mesmos labregos queixáanse do aumento prodixioso do luxo e dos gastos innecesarios na aldea. Mais considéranse impotentes para opoñérense a esta corrente asoballadora e antieconómica. Tamén nas cidades acontece isto, e o mal é xeral en todo o mundo. Pero, en Galiza, ademais, pode decirse que a cidade, que vive parasitariamente do agro e do mar, conta con máis recursos para soste os seus excesos, ao menos polo de agora, aínda que co tempo teñen por forza que sufrir da depauperación dos seus siareiros.

O aumento das necesidades é verdade que pode cecais chegar a ser fonte de prosperidade cando o consumo estimula a produción. Mais de ningún xeito cando o que se consume hai que importalo. Por exemplo, non hai dúbida de que en Galiza ten aumentado a produción de mobles de luxo. Esta industria ou arte, que tiña aquí tradición, vai en aumento, e hai casas que producen moi bons mobles artísticos e escelentes obras de ebanistería. Mais isto é case exclusivamente para o consumo da cidade, e, benfadadamente, tamén para a exportación, aínda que non en grande escala. No agro, que representa a inmensa maioría da poboación conténtase con mobles baratos, vidos na súa meirande parte de fora, e o que máis demandan son teas porque a súa meirande preocupación é o vestido, xa que a roupa é a que máis se apresenta á súa observación para ser imitada. E tecidos dos que demanda a moda non se producen en Galiza. Aínda a moda precúra desterrar os tecidos elaborados nos teares domésticos do país, nos que se producen pezas de grande interés, pero de grande coste de produción.

En suma, Galiza téñ que importar case todos os produtos manufacturados, e o consumo deles é cada día meirande. «Causa unha profunda mágoa —di Lousada Diéguez— ver cómo o máis poderoso comercio de Galicia vive dos produtos importados, cobrándolle un imposto á nosa miseria e ás nosas necesidades. E encontra desa importación, ben pouco significa todo o que Galiza exporta. E aínda vén logo o Estado a deter o máis ricaz das nosas exportacións e a poñer a súa man de pedra sobre o máis preciso das nosas importacións...» «Basta xa de riquezas e de vida entrampullada, feita á conta da emigración. Basta xa de vida comercial, feita á conta dos armacéns de importación, que como alféndegas feitas para cobrar a entrada a toda a nosa Terra».

Como se ve, en Galiza, as cidades, cecais ricas e prósperas, viven principalmente da emigración e do comercio de importación. Viven, pois, parasitariamente sobre o agro. Non contan na economía galega como produtoras de riqueza, senón como consumidoras e acarrexadoras do diñeiro.

Galiza, economicamente, é agro e mar: agricultura, gandeiría e pesca.

Disque Galiza é agricolamente probé. Disque a agricultura galega non é negocio retributivo, non paga o esforzo que se lle adica. Atribúese esto ao atraso dos seus procedimentos. Esta é ao menos a opinión dos enxeñeiros agrónomos, que todo o aprenderon nos libros. Escontra desto temos dúas cousas que decir.

Primeiramente, Galiza non pode prescindir da agricultura nin do sistema do pequeno cultivo que emprega. Galiza é un país de economía familiar. Non se pode separar o problema económico do problema social, e socialmente a Galiza interésalle moitísimo máis conservar o seu sistema de economía familiar que adoptar, por exemplo, un sistema de empresa que convertirá aos agricultores galegos en proletarios de moi inferior condición aos da cidade. O sistema de pequeno cultivo familiar foi sabiamente preconizado, entre outros, polo Comité executivo da Federación provincial agraria da Cruña, nunha ponencia presentada ao II Congreso Agrario Rexional, ponencia firmada por Xosé García Acuña, Alfonso de Cal, Antón Villar Ponte, Xesús Culebras e Manuel Gómez Pita, do que tiramos estas palabras: «Considerar, como o demostrou moi ben Díaz de Rábago, que o noso sistema de propiedade familiar e dividido, lonxe de ser un atraso, como moitos pensan, é un signo de adianto, non soio no aspecto social ou de distribución, senón no agrícola ou de produción para o que nos poden servir de exemplo o condado de Láncaister, en Inglaterra, onde a propiedade está máis dividida e a agricultura máis adiantada, e Bélxica, modelo de perfección agrícola, onde a maioría das explotacións non pasan de meia hectárea. En Pontevedra, a propiedade está catro veces máis dividida que en Lugo, e Pontevedra mantén 120 habitantes por kilómetro cadrado, mentras Lugo soio mantén 45. E Pontevedra é a nosa provincia de máis cultivo hortícola e intensivo».

En segundo lugar, tampouco é certo que a agricultura galega esteña atrasada. Será esa a opinión dos enxeñeiros agrónomos de cultura libresca. Mais encontra deso está o feito de que nas estadísticas apareza Galicia entre as Terras de España como unha das de meirande produción por hectárea (a segunda ou terceira). Fálase da necesidade do emprego de máquinas; pois ben: D. Valeriano Villanueva, unha verdadeira autoridade na materia, demostrou que o problema da agricultura galega non é de ningún xeito de máquinas, senón de abonos, e fáinos ver cómo as terras máis productivas da riquísima horta de Valencia son cultivadas cun pequeno arado de madeira. Nembargante, os arados modernos empréganse xa na Galiza tan abondosamente como podan desexar as casas constructoras máis cobizosas de gaño. E xa se sabe que as casas constructoras de maquinaria agrícola son sempre as máis interesadas na reforma dos procedimentos agrícolas. Por algo será... En canto aos abonos, aparte de que tamén se emprega o *mineral*, tamén, para satisfacción dos vendedores e dos seus axentes, sexan ou non enxeñeiros agrónomos, temos en abundancia cecáis o mellor dos abonos naturais: o toxo. E así podíamos ir falando de outros detalles. Os que, como D. Valeriano Villanueva, D. Rodrigo Sanz, D. Federico Maciñeira, D. Aurelio Ribalta e outros, estudaron estes asuntos en España e fora de España, sin esquecer ao citado Días de Rábago, opinan que en Galiza se sigue un sistema bastante perfecto de cultivo intensivo.

Galiza, en realidade, podería producir e sobre todo exportar en grande escala unha porción de produtos. Os viños galegos serían susceptíbeis dunha grande exportación. O viño cultívase moi ben en Galiza. Cecáis non se elabore á moderna, pero en troques consérvanse mellor os tipos. Se non se exporta como deberá, está fora de dúbida que a culpa é do arancel, que impedindo entrada de moitos xéneros estranxeiros, fai que naqueles países se poñan pexas á entrada dos produtos españois, entre os que van incluídos os nosos. Así os abocados viños do Ribeiro de Avia, que antigamente se mandaban a Inglaterra e eran obxecto dun activo comercio, non soio teñen que se contentaren na súa meirande parte co mercado galego, senón que teñen que soportaren dentro del a competencia dos de Aragón e de Castela, que sometidos ás veces a certos *coupages*, cando non a adulteración, chegan a seren vendidos como viños galegos. A fins do século pasado deu este lugar a unha violenta reacción por parte dos vinicultores de Valdeorras, que chegaron a asaltar, precedidos dunha bandeira galega e tocando a gaita, a estación do Barco, para abriren os bocois cheos de viño forasteiro, que deixaron verquer polos cais. Foi a única vegada que os agricultores galegos souperon defender, aínda que non en forma moi xustificábel, os seus intereses.

Outro tanto acontez coa produción froital. Non fai moito un xornal falábanos da vergoña de que en Galiza se venderán e se pregoaran con moito bombo mazas de California, producíndose aquí tan magníficas variedades. Mais non é isto soio: Galiza produz a mellor pera do mundo, a urraca, todas as variedades de froita de oso e de pévida, e hai lugares nos que se producen tamén laranxas e limóns. Poderíamos, si o arancel non o empecerá, asulagar destes produtos o mercado europeu. Mais éste estanos pechado, e a falta de demanda fai que non se atenda como compría esta produción, tan barata e retributiva.

Do mesmo xeito, a oliveira, que se cultivaba noutros tempos en toda a ribeira do Miño e parte da do Sil, hoxe case non se cultiva.

Así os produtos da agricultura galega consúmense na súa maioría no país, mais podían, con outro réxime arancelario, ser obxecto de exportación e aumentar a cantidade dos seus produtos.

Outro tanto pasa coa industria madeira. Non fai moito falouse da crise desta industria en Galiza. O arancel, que se interpón entre nós e os mercados extranxeiros, non protexe en troques a nosa produción. Por unha banda aguillóase a repoboación forestal, e pola outra axústase un tratado para a importación de madeiras de Xugoslavia. E non hai dúbida de que a industria madeira sería unha verdadeira riqueza para Galiza.

A industria gandeira é a nosa máis importante industria. Galiza é a grande produtora de gando de España, principalmente do gando vacuno. Nós abastecemos desta clase de gando todos os mercados españois. Pois os nosos gandos tiveron tamén mercados fora de España. «Ainda nós —que non somos vellos— (escribe Antón Vilar Ponte) lembrámonos cando os nosos gandos, pagados en ouro, tiñan mercados en Inglaterra e Francia, mercados que se nos pecharon porque España erguéu deica límites absurdos a muralla da China arancelaria, favorecedora das industrias arcaicas de outras rexións, con prexucio do presente e do futuro de Galiza». Pois agora temos que nos contentar co mercado español, que ademais impónnos os precios que lle conveñen, encaregando, cando non quer pagar os que nós necesitamos para non arruinarnos, carnes conxeladas da Arxentina.

Outro tanto vénnos a pasar coas carnes de porco curadas, coas industrias lácteas, cos curtidos e con outras industrias derivadas. Aínda existe en Galiza industria de curtido, non tanta, nin moito menos, como existiu noutro tempo, e a que hai non puido tampouco mellorar os seus procedimentos. Prívanos en parte deste aproveitamento a exportación de reses en vivo. Mais tampouco se pode facer de outro xeito por falla de material de transporte.

Non pasa o mesmo cos graos. Galiza non produz cereais para o seu consumo, apesares de ser a rexión de España que produz máis millo, base da alimentación de moitas bisbarras e en todas das de gando, especialmente da ceba dos porcos. Galiza ten que importar graos: millo, trigo, centeo. Pero en España hai rexións produtoras de trigo protexidas polo arancel: Castela e Andalucía, especialmente Castela/ Cando lle conven a Castela, tráense carnes conxeladas da Arxentina, reses portuguesas ou de outra parte, aínda que elo perxudique gravemente aos agricultores galegos, todos eles pequenos produtores, moitas veces probes e sempre dependentes do precio do gando. En troques, haille que asegurar aos trigueiros de Castela, case todos eles grandes propietarios, non samente un precio remunerador, senón un sobreprecio, á custa dos consumidores galegos. Rodrigo Sanz demostrou no ano 1910, no Ateneu de Madrid, que Galiza pagaba ao ano a Castela, polo dereito de comer pan, o precio do pan aparte, cen millóns de pesetas. E a situación non se modificou. Da Arxentina tráense cando conven carnes conxeladas; mais samente de tarde en tarde, e a poder de moitísimo traballo e humillantes xestións, pódese conseguir que se rebaixe o arancel para traer dalí unhas cantas toneladas de millo.

Nesta situación, a gandeiría galega tampouco pode saír do estado no que está. Concretada ao mercado español, ameazada a cada intre pola competencia, ¿para qué intensificar a produción? A nosa raza de gando vacuno é a de aptitudes máis completas do mundo, e as nosas vacas dan o leite máis rico en manteiga que se coñece. Pero non pode haber interese en conservar a raza nin evitar a súa posíbel dexeneración si no mercado español se paga igual, sen consideración á calidade. Tanta é a importancia destes problemas conexos, o do millo e o da gandeiría, que en 1922 chegaron por fin a interesarse nel, impulsados pola opinión, as Deputacións e Axuntamentos galegos, que celebraron unha grande assemblea na Cruña. Naquela assemblea, a voz autorizada de Rof Codina, un dos poucos profesionais con cargo oficial atentos de perto aos nosos problemas, decía o seguinte:

Galiza produz máis millo do que o resto de España, pois segundo o Sr. Hernández Robredo, esta Rexión adica 107.000 hectáreas de terreo á plantación do millo, o que supón unha riqueza de 23.000.000 de pesetas anuais... Mais o porvir económico de Galiza, Rexión esencialmente gandeira, consiste precisamente en non plantar millo, adicando esas 107.000 hectáreas de terreo á produción de forraxes, de trebos e plantas gramíneas, como fan Holanda e Dinamarca, e adquirir o millo e demais pensos concentrados en América, o que resulta bastante máis barato que cultivalo no país. O millo para o labrego galego é materia prima e nada máis, transformábel en carne, que tén a mesma importancia para nós que o ferro e o aceiro para os bilbaínos e o algodón para os cataláns... A supresión ou baixa dos dereitos de introdución do millo coinciden sempre coa meirande exportación de gando galego, chegando algúns anos a duplicarse a cantidade. Polo tanto, non debemos atemos somentes a admisións temporais, porque soio con determinadas garantías de estabilidade pode o labrego galego abandonar o cultivo do millo e adicar o terreo á produción de forraxes, convertindo ao mesmo tempo os nosos campos en verdadeiros verxéis. Do mesmo xeito as industrias lácteas renden aínda máis que a carne, cúa produción é necesario abaratar a todo trance.

O mesmo pode decirse das terras adicadas a outros cultivos cereais, que renden aquí pouco, aínda que a calidade, —do cal son testigos o pan de Cea, o de Santiago, etc.— sexa mellor do, que o de

Castela; renderían moito máis adicados á de forraxe. Mais ¿cómo facelo tendo que pagar o trigo e o centeo de Castela a precios tan elevados?

Queda a industria pesqueira. A pesca é intensa nas costas galegas e temos unha industria conserveira que, como di Vilar Ponte, «é a máis perfeccionada de todas as españolas — díxo Cambó nunha conferencia, e díxoo Granmontagne nun artigo, por si non o soupéramos nós bastante — ; tén o seu primeiro mercado en Francia, tén bons mercados en Inglaterra, na Arxentina, en Alemaña, nos Estados Unidos, Bélxica, Italia, Filipinas, Cuba, México, etc.» É tan perfecta que viñeron estudiala expresamente os xaponeses para imitar os nosos procedimentos... Pois é a única industria peninsular que carez de protección arancelaria, apesares de ser a que cos seus beneficios chega a maior número de traballadores. Tan ningunha protección ten, que compiten con ela dentro do mercado español, dentro do propio mercado galego, as semellantes e menos perfectas industrias semellantes estranxeiras... Concedéuselle unha vez certa protección, enlevando os dereitos para as industrias non españolas. Mais ao mesmo tempo rubiron os da importación da folladelata, indispensable para os envases das nosas conservas, co que o beneficio concedido por unha banda fíxose completamente nulo e ineficaz pola outra.

Galiza é unha vítima do arancel. Está sacrificada á produción boa ou mala das demais rexións españolas: é reducida ao merca do español, que lle impón os precios, e ten que adquirir por forza os produtos de outras terras de España, aínda que seña inferior a súa calidade.

Galiza, tense repetido deica a saciedade, é librecambista. Deciao Peña Novo na assembleia á que antes aludimos. Dio Vilar Ponte no artigo que máis enriba citamos, onde demostra que cun réxime de libre comercio Galiza prosperaría extraordinariamente, namentras se arruinaban pola súa culpa as outras rexións.

«Imaxinádevos —di Vilar Ponte— que por un fenómeno sismicopolítico fican derrubadas as fronteiras arancelarias de España totalmente. ¿Qué tería que ocorrer? Pois un cataclismo económico, a *débacle* da riqueza na maioría das rexións peninsulares. Algunhas — e non certamente as que hoxe pasan por máis progresivas— cecáis soportasen o novo réxime con traballo e inquietude. Pero a única, a única, a única que co librecambio gañaría de repente, aumentado en moito o seu valor e o seu desenvolvemento en forma europea das súas industrias, é Galiza... ¿Qué emporio de adianto e riqueza non tería que ser o agro galego co millo, as gabelas forraxeiras, o centeo desgravado dos arancéis, o mesmo que a maquinaria e canto necesitan as industrias rurais? Os cen millóns de pesetas que Galiza paga ao ano polo dereito de comer pan, o precio do pan aparte, ficarían íntegros na nosa Terra, e nela ficarían tamén os moitísimos millóns que supón o aforro de comprar panos, ferros, carbóns, etc., máis baratos e mellores que os de España no Extranxeiro... Case todas as riquezas que tén Galiza son riquezas naturais, que non necesitan do arancel para impoñerse, senón que xurden case pesia ao arancel, sempre antigalego, e por máis que dito arancel faga por matalas. Polo demais, o algodón e a lá, especialmente o algodón, é primeira materia que non se da en España e que mañán, polo mesmo, por mor da decadencia do Mediterráneo, e o surxir da vida atlántica, con meirande razón que en Cataluña, podería manufacturarse en Galicia, como as industrias do libro para América e outras estarían aquí mellor emprazadas que no Centro ou no Nordeste».

«Compre fixarse —di Aurelio Ribalta— en que Galiza non é como as outras Rexións, Cataluña, por exemplo. Si Cataluña é proteccionista, Galiza non o é. Non lle fai falla selo, non lle conven selo. Porque a ninguén lle conven que o protexan sacando o seu propio diñeiro para protexelo. E ata os menos versados en materia económica saben ben que os dereitos de alfándegas non os paga o importador extranxeiro senón o regnícola. Si en determinados casos a organización dos mercados fai que o grávame o paguen todos os españois, no noso caso a organización dos mercados —por razóns que ben se albiscan a todo o que conoza un pouco a nosa produción e o noso comercio galego de carnes de abasto— fai que sexamos nos soios a pagar a protección co noso diñeiro. É dicir: que os dereitos de alfándegas deixan de seren para nós unha medida proteccionista e convírtense nunha medida meramente fiscal, ou seña, nun imposto máis... Non é de agora a oposición ao réxime arancelario por parte de moitos galegos. Para o millo pedía e xestionaba fai xa moitos anos a absoluta franquicia aduaneira un coruñés tan atente ás cousas de Galiza como o foi en vida o Sr. Fernández Latorre. E aínda coas limitacións que lle impoñía a política daqueles tempos, xeneralizaba, dando como necesidade galega a de limitar moito a función das nosas alfándegas. Agora mesmo na Cruña a revista *A Nosa Terra* publica ao fronte dos seus números un sumario de aspiracións en asuntos de capital importancia, e unha delas é o librecambio, segundo ela o chama, ou seña, como aquí o temos denominado con frase que nos pareceu máis concreta, a supresión das alfándegas.

Cada día que pasa aumenta o número de galegos convencidos de que Galiza non é proteccionista. Ou por mellor dicir —porque a palabra é inesacta e anticuada e lembradora de discusións teorizantes que hoxe non teñen interés —, o número de galegos que crén que a verdadeira e eficaz protección ao traballo galego está en non lle quitar libertade nin medios de desenrolo. Fai poucos días lía

eu un dos autorizados artigos do Sr. Rof Codina, no que con datos numéricos pónse en relación o aumento das importacións de millo a favor da franquicia co aumento da exportación gandeira. Estes datos, que non copio por non alongar estas liñas, pero que os enterados destes asuntos terán de seguro recollido e gardado, demostran cómo a nosa produción gandeira vive ben e holgadamente sen máis que a franquicia do millo. Si queredes engadiremos a do centeo, de bon grado pola miña parte. Mais, polo de pronto, a do millo é a que importa e urxe máis e en meirande medida. É necesario recoñecer que coa franquicia do millo poderíamos competir coas carnes extranxeiras... Eu, pola miña parte, pediría que non houbera alfándegas para nada».

Como se ve, todas as opinións están contestes en crer que a nosa industria gandeira atópase artificialmente detida no seu desenvolvemento pola política centralista arancelaria.

Galiza non é somentes unha vítima do arancel. Ten todas as súas riquezas desatendidas por esta mesma causa, pola incuria, pola incapacidade ou pola imposibilidade das Corporacións galegas e do mesmo Poder central, polas pexas fiscaís, pola falta de vías de comunicación, pola estreita regulamentación e dependencia dunha administración extraordinariamente entrometida e desconfiada.

Así, por exemplo, aseguran varios autores, como D. Ramón del Cueto, que Galiza posee unha grande riqueza mineira, que non explota principalmente pola falta de caminos e de utillaxe nos portos. Nefeito, moitas explotacións mineiras fracasaron en Galiza polas dificultades e os gastos da saca do mineral e o seu transporte. Outras hai en que, explotadas polas compañías extranxeiras, o mineral lévase en bruto pra ser elaborado fora, polas dificultades fiscaís administrativas e de transporte que se oponen á instalación de fábricas.

Temos tamén os mellores portos naturais de Europa, en posición privilexiada para o tráfico atlántico, pola súa meirande proximidade aos mercados americanos. Pero estes portos (Vigo, Marín, Vilagarcía, A Cruña, etc.) non teñen máis que o que lles deu a Natureza, sen que se teña pensado en habilitalos para o tráfico moderno; namentras se gastaban enormes cantidades en habilitar os de Barcelona, Bilbao, Santander, Xixón, etc., os de Galiza ficaban abandonados aos seus propios recursos. Ademais tratouse sempre de encamiñar o tráfico a aqueles outros portos non galegos, mesmo ao porto fluvial de Sevilla, e como o arancel e as demais causas apuntadas empecen a exportación galega, resulta que os nosos portos son practicamente portos sin *hinter-land*, portos de paso, onde o movemento é moi pequeno, pois, ademais, os buques que veñan a eles traendo carregamento teñen, na meirande parte das veces, que voltar en lastre, perdendo fletes, e aquelas cidades marítimas teñen que limitárense a viviren da pesca e, o que é verdadeiramente triste, da emigración. No que toca a Vigo, houbera salvado en grande parte a situación a construción do Camiño de Ferro de Vigo á fronteira francesa, que houbera acertado o camiño entre América e a Europa central, e houbera feito de Vigo camiño obrigado de viaxeiros e mercancías que fixeran aquel traecto, convertíndose ademais, cecais, como moitos galegos intelixentes supuxeron, nunha nova vía de europeización, un novo *camino francés*. Cecais por esto atopou en Madrid este proxecto unha infranqueábel oposición, e un coñecido e ilustre escritor galego foi encadeado por defendelo.

Aínda hai máis que falar encol do réxime tributario, verdadeiramente abafante para Galiza. Ao mesmo tempo que as necesidades rubiron os impostos, e hoxe Galiza paga ao Estado todo canto pode pagar, e dende logo moito máis do que debe. Isto está na concencia de todos e as queixas son unánimes. A situación do labrego chega a ser desesperada, vese arrempujado forzosamente á emigración, e resíntese deles o comercio, a industria, toda clase de negocios. Os impostos míngoan os ingresos do labrador deica o ponto que soio os que o poden observar sobre o terreo decátanse délo.

Moitos impostos (consumos, cédulas, etc) foron ademais unha arma caciquil de primeiro orde; rebaixábanse as cotas aos amigos e sobrecarregábanse as dos nemigos. Era un dos principais medios de castigo de que se valían os caciques. E aínda que dende a famosa lei Besada dificultouse moito este fraude, non por eso están os labregos a cuberto deste perigo de todo. Hai hoxe outros moitísimos medios cos empadroamentos, declaracións de riqueza, etc., todos con ameazas de multa, que os caciques poden manexar ao seu antoxo sen que a cousa trascenda o suficiente para provocar a intervención das autoridades superiores gubernativas.

Mais non nos interesan agora os impostos como armas caciquís. Son de por si cárrega suficiente. Nefeito, non se ten en conta que os labregos galegos son todos pequenos propietarios, aínda a inmensa maior parte das veces os facendados que non traballan en por sí as terras, e que a proporción dos gravames territoriais é extraordinariamente pesada para eles e ruínosa para a economía rural galega. De maneira que aos outros impedimentos que ésta atopa no seu desenvolvemento ven engadirse a de ter que soportar impostos desproporcionados. Todo o noso folcklore está cheo de protestas escontra destos. Castelao, nunha caricatura que se fixo famosa, presenta unha meniña, filla de señoritos, que lle pregunta a un labrego: «¿Por qué no habla castellano, señor Pedro?» E o labrego responde: «¿Ai, neniña, en galego se

non escribiron nunca os recibos de contribución!». Alguén comentou esta caricatura decindo que o ideal dos rexionalistas galegos era o non pagar nada ao Estado. Insinuación de mala fe. Todos saben, mesmo o comentador, que os galegos pagan de máis, e por eso mesmo se queixan.

Tamén está extendida a versión errónea —espallada ademais por funcionarios alleos a Galiza— de que a nosa Rexión empeñaba ao Erario español, de que o Estado gasta en Galiza máis do que tira dela. Irnos supor que esto fora certo, que non o é, como o demostrou con números un contador do Estado, D. Asdrúbal Ferreiro, no seu proxecto de autonomía administrativa para Galiza, publicado polo Seminario de Estudos Galegos en 1922. De ser certo, sempre sería tomando a cifra global dos gastos do Estado en Galiza, en comparanza coa cifra global de ingresos. Mais daquela teríamos que observar que deses gastos do Estado en Galiza, soio unha mínima parte se gasta a prol de Galiza: a que se gasta en servizos públicos, dos que efectivamente Galiza se utiliza. Todo o demáis gástao o Estado no seu proveito, e é seguramente a meirande parte.

Aínda compre insistir no referente ao *problema fiscal*, no tocante á tributación de Galiza e á inversión nela dos fondos públicos. E de calquer xeito que se olle o problema, sempre resultará que o centralismo é antieconómico, e para Galiza abafante. Sempre resultará que a *Galiza pídeselle e non se lle dá*. Que namentras a nosa riqueza está sin protección ningunha, en troques pagamos máis do que podemos pagar. A nosa capacidade contributiva está fai moito tempo esgotada.

É evidente que o Estado, cando quer aumentar o rendimento en tributos dun país calquera, o primeiro que debe facer é fomentar intensivamente a riqueza daquel país. ¿Qué fai o Estado para o fomento da riqueza galega?... E, con todo, os recentes e constantes aumentos dos impostos directos fanse sentir sobre nós máis pesadamente do que en ningunha das outras rexións.

E non soio estes aumentos son moi excesivos e carregan sobre os máis probes, sen que o Estado nos ofereza compensación ningunha, senón que o desordenado e arbitrario nótase tamén moi especialmente na súa inversión.

No traballo aludido do Sr. Ferreiro demóstrase que cun sistema autonómico como o que preconiza, Galiza obtería un remanente a seu favor, despois de pagas todas as súas atencións actuais exclusivas da Rexión e a súa contribución proporcional ás cargas xerais do Estado, de *once millóns* de pesetas anuais, os cales, diminuídos os gastos de Marrocos, poderían chegar a *vinte millóns*. Non comprendemos cómo despois desto se poida soste que Galiza lle custa diñeiro ao Estado. Si eso fora verdade, sería a culpa do mesmo Estado, culpa da errónea distribución e inversión dos fondos públicos, culpa do absurdo sistema centralista que impera en España. Si fora verdade que Galiza lle custa diñeiro ao Estado, sería esto un novo e poderosísimo argumento contra o centralismo, sistema que en tal caso non soio sería ruinoso para a riqueza e para a cultura e para a dignidade cidadá da nosa Rexión, senón que tamen sería ruinoso para o Poder central.

Pero tal cousa non pode xa sosterse. Galiza, aínda cunha autonomía moi limitada, aforrará moitos millóns, sen perxudicar os intereses xerais do Estado. E teñamos en conta que no traballo aludido trátase dunha autonomía acomodada á actual estreiteza administrativa e facendística do Estado español, respetando todos os intereses criados, todos os monopolios, todos os estragos e todos os gastos inúteis. Todo o cal é suceptíbel dunha grande redución. É ben sabido que nos derradeiros tempos a máquina administrativa do Estado español non fixo máis que aumentar a súa extraordinaria complicación, o número dos seus organismos activos, consultivos e deliberantes, gravando ao contribuínte con novas cargas, dentro e fora do presuposto. E Galiza non ten a culpa deste aumento de gastos. Galiza non dispoñen os seus ingresos nin os seus gastos. Galiza resígnase e paga. *Galiza paga e despobóase*.

Estudando recentemente L. Peña Novo o problema do actual descenso da poboación en Galiza atopa para elo causas somentes económicas.

De 1923 a 1928, a poboación de España aumentou nun 40,28 por 1.000 e a de Galiza soio nun 7,61 por 1.000. E nestes anos aumentou a poboación dos nosos centros urbáns e mingoou a das bisbarras ruráis. (A provincia da Cruña aumentou 27.159 habitantes e a de Pontevedra 7.956; é dicir, aumentaron as que teñen grandes centros urbáns: A Cruña e Vigo. En troques a de Lugo diminuíu en 13.282 habitantes e a de Ourense en 3.765; é dicir, diminuíron as provincias ruráis). Peña Novo comproba, coa estadística na man, que as causas deste descenso ou estancamento da poboación galega non é a emigración, que diminuíu. Non é o aumento de mortalidade, que non variou. Nin a diminución de matrimonios, cúa proporción mantívose superior á do resto de España. E concluí que é o descenso de natalidade, que efectivamente diminuíu, debido ás prácticas neomaltusianas que invadiron o campo.

¿Por qué? Non por propaganda, nin literatura, nin crise moral nin cultural, senón simplemente por causas económicas.

Nefeito, dase en Galiza o fenómeno absurdo de que a maior concentración urbá maior número de nacementos. Isto débese, segundo Peña Novo, a que o ritmo económico das cidades non depende *inmediatamente* da terra. «Hai un núcleo —dí— de empregados, rendistas, obreiros de varios ramos, como construción, manufacturas, etc., en cuia situación económica apenas repercuten as crises agrícolas».

«A terra galega —continúa— dá tres produtos esenciais: gando, cereáis e patacas. A gandeiría progresóu; mais das outras dúas fontes de riqueza non aumentóu nin o terreo cultivado nin a unidade de produción, namentras que as outras Rexións melloraron e aumentaron os seus cultivos».

Ora ben: «O progreso agrícola español é case tan lento como o noso. Mais como nós temos un grande déficit de cereáis, cómprenos importar cada ano case tres millóns de quintáis de trigo, que valen case 150 millóns de pesetas. Esas pesetas obtíñaias o labrador das súas reses, dos produtos hortícolas, do leite, ovos, aves, froita, etc. Eses pequenos ingresos obtidos de cada mercado na vila servían para mercar o cereal que non tiña. Pero dende fai cinco anos *case duplicaron os impostos e contribucións do Estado e do Municipio, que esgotan materialmente as posibilidades económicas ruráis.*

«Certo sin dúbida algunha que algo análogo acontez nas outras Rexións españolas. Pero nelas a crise non é tan acentuada, *porque o Estado ausílias máis.*

«O Estado gasta cada ano case cen millóns en regos e pantanos. Esas obras multiplican a produción dos cultivos; valorizan a terra máis que ningunha outra mellora. Esas obras realízanse todas no interior, nas zonas altas e tamén nas terras baixas de Levante; *pero ningunha se realiza en Galiza*». É certo que Galiza non as precisa, porque aquí temos a auga do ceo; pero a chuvia tivémola nós sempre, e as terras secanas de outras rexións mellóranse cos regos, namentras que as nosas estáncanse. «Os meirandes tributos do Estado e Municipio poden ser folgadamente tolerados por aquelas terras, namentras que nas nosas significan a ruina. *É decir, que hai desigualdade no sacrificio.*

«A terra, ademáis, require máis melloras que as do rego. En Galiza hai bisbarras pantanosas que precisan drenaxes. Necesita ensino agrícola, escolma de sementes, maquinaria para a laboura moderna, múltiples atencións económicas, hixiénicas e sociais para a riqueza gandeira. Velahí por onde podía vir a axuda do Estado.

«En España destínanse 30 millóns ao crédito agrícola. Unha probeza. E desa probeza *a Galiza non lle toca nada.* A especial organización do creto agrícola español fai imposíbel a súa aplicación á agricultura galega.

«Por si todo esto fora pouco, a nosa especial parcelación rural empece a ocultación da riqueza, por cuia razón *a terra galega paga un 11 por 100 de contribución máis que o resto de España*».

Inútil detallar máis. A elocuencia do dito é suficientemente evidente. O Estado español esíxenos cada vez máis sacrificios sin outorgarnos ningún auxilio que os compense. Galiza dá e non recibe. Galiza paga. Galiza ten un presente de miseria e un porvir económico impedido pola organización centralista do Estado español e polo criterio uniformista que éste aplica a todas as súas decisións.

O IDIOMA E A CULTURA

Quéirano ou non, e aínda que somentes un grupo afervoadado de patriotas galegos se teña estrevido a plantexalo en forma límpida e aguda, esto é, en toda a súa realidade, existe en Galiza un problema lingüístico.

Galiza posee un idioma propio — e por este soio feito, ten xa, polo menos, a posibilidade dunha cultura propia. Galiza posee un idioma propio, falado polas nove décimas partes da súa poboación, no agro e nas cidades. No agro impera o galego íntegramente e sen discusión. Hai quen di que nas cidades fálase case somentes o castelán. E mentira: nas máis délas é o galego o que predomina, e onde non, fálase o galego tamén, alternativamente ao menos, co castelán.

E hai máis: dos galegos que falan castelán, mesmo os que o empregan a cotío, a inmensa maioría falano mal, desfígurano con construcións galegas, e teñen un léxico reducidísimo e a miúdo corrompido.

E certo que son moitísimos os galegos que entenden o castelán, mesmo algúns que case non o saben falar; pero o castelán que entenden é somentes o máis usual e inferior, e principalmente enténdeno cando é falado por galegos, é decir, cando está, por pouco que sexa, galeguizado (é sabido que os galegos cometen ao falar castelán defeitos de elocución propios, e tamén que esite un verdadeiro dialecto castelán propio de Galiza). Pero non digamos xa o castelán enxebre, senón mesmo o castelán de forma culta, o mesmo castelán dos periódicos, soio pode entendelo ben unha minoría.

Estas son as condicións *reais* do asunto. Esta é a situación histórica, a verdade.

Pois ben: aínda que o dereito natural esixe, e, de acordó con el, o dereito moderno establece que cada pobo debe ser educado, administrado e xulgado na súa lingua propia, en España o imperialismo lingüístico en práctica dende fai séculos impón o castelán en todas partes.

E os galegos son educados, administrados e xulgados nun idioma que case non entenden ou non entenden máis que a medias. Vense obrigados a falaren castelán, polo menos así se lles fala, na escola, nas oficinas, no xulgado, nas súas propias corporacións populares, hastra moitas veces na igrexa. En castelán hase deprender, hase solicitar dos Poderes públicos, declarar ante os tribunais e funcionarios, litigar, contratar e facer testamento. Todo esto descoñecendo o sentido de moitas palabras, frases locucións, tecnicismos.

Simplesmente enunciado, esto é xa absurdo. Pero ademáis entraña gravísimas consecuencias en todos os ordes, e dun xeito especial no orde da educación e do ensino.

Todos os pedagogos están conformes no alto, no fundamental valor educativo da lingua materna como baseamento de toda instrucción e da formación do espírito. Pois ben: en Galiza a instrucción e a educación escolar carecen desta base fundamental, *porque os galegos non son educados na súa lingua materna*. Os galegos son educados na escola nunha lingua allea, da cal unha esígua minoría coñece nesa idade, ao sumo, dous ou tres ducias de palabras, e cuios xiros, modismos, construcións enxebres, o seu *xenio*, en suma, sonlle alleos e incomprensíbeis. A escola perde en Galiza, por esta causa a maior parte da súa eficacia, e non pode menos de ser así.

Entre o mestre que ensina e guía e o discípulo que deprende, si a súa relación ha servir para algo, compre que esista unha afinidade natural, unha comunicación doada e familiar que non sexan mutuamente alleas. En Galiza, entre ún e outro interponse a lingua oficial do Estado ensinante. Xa o estudo en de por sí, malia de todos os recursos e os artificios da pedagogía, resulta traballoso, ¿qué será si á súa natural dificultade engadimos a dun idioma novo, que compre ir deprendendo ao mesmo tempo que se deprenden as demáis cousas? Entre a mente do menino galego e os coñecimentos que tén de adquirir está o atranco do idioma, dos libros e da fala do mestre, que obrigan a duplicar o esforzó, dividen a atención, desorientan e provocan o retraso, criando unha mentalidade lenta, difícil, premente, apegada á letra que tanto costóu deprender, e cobarde.

E non soio esto. Xa o temos dito antes: os meninos galegos, educados no desprezo da súa lingua nativa, e como nunca poden chegar a poseer con perfeición a castelá, chegan a crerse inferiores, a desconfiar de sí mesmos, das súas aptitudes, dos seus esforzos, desázanse, enconícanse, perden acometividade, decisión e enerxía, e quedan en condicións de inferioridade para a loita pola vida. Chegan a crér que o desprezo que en España se ten aos galegos é motivado, e sinten esa noxenta e ruin humildade, esa infame vergoña de sermos o que somos, que é a máis odiosa tara do noso carácter. Os nosos fillos saen da escola capitisdiminuidos, dispostos á sumisión e ao servilismo, xa que a escola imponlles un primeiro

acto servil: a posposición do propio idioma, do propio medio de expresión, que herdaron dos seus devanceiros, e non é estraño que esta primeira humillación —consciente ou non— nos tenros anos da infancia lles imprima carácter para toda a súa vida... Os que se queixan da nosa pequenez en moitas cousas, do noso apoucamento, da nosa falla de civildade, de espírito colectivo, de altiveza, de garrideza rebelde, non deben estrañarse: ¿cómo vai ser capaz de concebir nada grande o que escomenza por terse en pouco porque fala unha lingua diferente da daqueles que o dominan?

Aínda voltaremos encol deste asunto; pero agora compre que nos refiramos á proscripción do galego na vida oficial, e moi especialmente na administración da xusticia.

En primeiro lugar, as leis, publicadas exclusivamente en castelán, endexamáis poden ser ben comprendidas pola maioría dos cidadáns galegos, descasí a súa ignorancia non lles excusa do seu cumprimento. Pero aínda hai máis: os galegos teñen que pleitear e prestar declaracións en castelán, ou polo menos, aínda que declaren en galego, a declaración ten que ser redactada por escrito no idioma oficial. Todos coñecemos casos en que a tradución non foi fiel, en que lida a declaración en castelán ao interesado, éste, que non comprendéu unha palabra, non se atrevéu a confesar a súa ignorancia e firmóu o que lle puxeron.

Hai casos en que o declarante non entende ben as preguntas e contesta ao tino, segundo o que lle parecéu entender, ou por saír do paso, non estrevéndose, intimidado pola solemnidade do acto, a pedir aclaracións. Temos presenciado algún caso en que un xuez que non entendía o galego interrogaba a unha que non sabía o castelán, e as declaracións desta traducíaa o actuario ao seu xeito, que non era seguramente no sentido que lle daba a declarante...

Outras veces, ún que declara, obrigado ou créndose obrigado polo costume xudicial a expresarse en castelán, di disparates ou o contrario do que pensaba decir. Casos destes hai infinitos. Encol deles corren no país divertidas anécdotas, contos e paveiradas, toda unha sección do folklóre humorístico. Pero ninguén se ocupóu déla en serio. E, nembargantes, ben se ve que con elo está exposta a xusticia a infinitos e gravísimos erros, en asuntos en que se ventilan os máis sagrados intereses dos cidadáns: a fortuna ou o pan, a honra, a liberdade, a vida.

Pois outro tanto acontez nos contratos, nos testamentos, etc., que han ser redactados en castelán, ás veces por funcionarios que non coñecen o galego. ¿Quén pode dubidar de que o emprego nestes casos dun idioma que se coñece imperfeitamente pode orixinar incomentes de gravidade extraordinaria? Unha palabra mal empregada ou entendida, unha frase mal construída, poden orixinar perxuícios irreparábeis.

E esto non ten máis que un remedio: a cooficialidade dos dous idiomas.

Din algúns que esto non fai falla, porque o galego perde terreo en Galiza, recua no uso diante do avance do castelán. Isto é mentira. É certo, nin o negamos nin queremos negalo, nin temos por qué, que o castelán avanta, debido principalmente á emigración. Pero non por eso o galego recua. Tanto é así que non recua que, debido en parte ao intenso movemento literario dos nosos días, avanzóu en moitas cidades.

Precisamente o milagreiro é que o galego se teña conservado tanto no uso cotián apesares da guerra despiadada que se lle fixo. E apesares de todo conserva as súas posicións moito mellor do que a maioría das linguas modernamente rehabilitadas en Europa: mellor do que o irlandés, o gales, e o bretón; mellor do que o flamenco, mellor que o lituano, mellor en moitos aspectos que o checo e o finlandés.

O que progresa en Galiza é o *bilingüismo*. Pero o bilingüismo, lonxe de ser un incomente, é unha inmensísima ventaxa. Por eso aquí o que queremos non é facer a guerra ao castelán. Mellor dito: facémoslla, sí, mais literariamente, unha guerra simplemente defensiva. Non queremos que se perda o galego. Defendémolo con afervoamento, con sacrificio. Pero non queremos que o castelán desapareza de Galiza: queremos a paz e a igualdade dos dous idiomas. Cada un deles ten as súas ventaxas: si o castelán nos abre todas as Terras de fala española, o galego, case idéntico ao portugués, ábrenos todas as de fala portuguesa, tan extendida polo mundo. Podemos chegar os galegos a dominar relativamente dúas linguas de valor universal. Sería suicida esquecer unha delas; sería criminal obrigarnos a esquecerla. Fagamos que o galego viva. Sexamos bilingües. Mais a cultura propia, a nosa criación, ha ser en lingua galega.

Porque compre insistir unha vez máis, e sempre, no feito de que non é posíbel que un pobo teña unha cultura asimilada e criadora, si a súa cultura non ten por vehículo a lingua propia. O pobo que adquire a cultura en lingua allea non poderá pasar endexamáis de ser un pobo colonizado, que co medio natural de expresión terá perdido toda a súa orixinalidade. Non se pode establecer unha separación entre a linguaxe e o pensamento: o primeiro conforma e canaliza o segundo. Falar é pensar. Sabemos aquilo que

podemos expresar na nosa linguaxe natural; en esencia, coñecer é definir e definir é nomear. En lóxica, concepto e término veñen ser sinónimos. Endexamáis poderemos asimilar ideas alleas se non as traducimos na nosa linguaxe. Somentes o que se depende e se expresa na nosa lingua é o que se sabe, porque é xa sustancia nosa. De ahí a deficiencia de todo o ensino en Galiza.

Pero non xa que o ensino se dea todo, sen excepción, en lingua castelá, en vehículo alleo, inclusive as disciplinas humanísticas formadoras do espírito, co que, si non se esteriliza, ao menos diminuíse o pulo orixinal do pensamento galego, senón que a lingua galega se non ensina en ningún particular, pois estes en España, lonxe de ensaiaren novos rumbos e abriren novos horizontes pedagóxicos, limitáanse a imitaren ao atrasadísimo (polo menos na súa organización) ensino oficial, pois do que se trata aquí non é de ensinar, senón de *preparar* para obter o aprobado nos establecementos do Estado — ; non se ensina o galego nin siquer como se ensinaría un idioma extranxeiro. Hai agora cadeiras de francés, de inglés, de alemán, de italiano, nos Institutos, Normáis, Universidades e Escolas especiais, pero non hai ningunha de galego, nin siquera de portugués. Máis é: na Universidade de Madrid hai unha cadeira de Lingua e Literatura galegoportuguesa, e na Universidade compostelá, que algúns chaman Universidade galega, *non hai ningunha cadeira de Lingua e literatura galegoportuguesa*.

¡Universidade galega! Eu quixera saber que é o que ten de galega a nosa Universidade: nin a lingua, nin a literatura, nin a historia, nin a xeografía, nin a economía, nin os costumes xurídicos, nin ningún dos aspectos da vida galega é alí obxecto de ensino. Ollade si voluntariamente algún profesor quer de camiño referirse a algún deses asuntos, se téñen tempo para elo, ou algún breve curso, como os do doutor Cotarelo. A Universidade compostelá é unha Universidade castelá colocada en Galiza. Todos os establecementos de ensino que temos son establecementos de ensino castelá colocados en Galiza.

Aquí pódese ser mestre, bachaler, profesor, médico, funcionario, maxistrado, notario, coengo, bispo, obter os máis altos graos e os máis altos cárragos sen saber ren encol de Galiza. O Estado *concede gratuitamente o dereito a ignorala*. Velaquí o modo absurdo que se ten de culturizar o noso País: forzándoo a ignorarse a sí mesmo.

Deste xeito, a verdadeira cultura galega, o estudo do noso país e das súas condicións de vida e desenvolvemento, da súa tradición, das posibilidades espirituais, faise completamente fora do campo da cultura oficial, por homes afervoados e abnegados que traballan gratuitamente, co menor auxilio posíbel, e axúntanse para colaborar en institucións como o Seminario de Estudos Galegos, a Real Academia Gallega, a Comisión de Moimentos de Ourense, a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, ou mantéñense aillados. Ao fin, o labor, realizado nos últimos tempos comenzou a atraer a atención pública, e as Corporacións oficiais, comprendendo o seu inmenso valor, comenzaron a concederlles algunhas subvencións, gracias ás que poden, aínda que devagariño, realizarse e publicarse os traballos, o que aínda causa gastos aos pescudadores. E gracias ás publicacións destes centros e a algunhas revistas, como a titulada *Nós*, ou os numerosos artigos de xornais e conferencias que gratuitamente escriben e pronuncian os galeguistas, vaise espallando o coñecemento do pasado e do presente de Galiza cos seus múltiples problemas.

Así, pois, o Estado centralista refuga ou ignora a cultura galega e proscribe o noso idioma. E nós crémolos que con elo se nos fai aldraxe, non soio nos nosos intereses materiais e espirituais, como temos exposto, senón na nosa dignidade de cidadáns españois, pois como tais temos dereito a que a nosa tradición, o noso pasado, as nosas características, os nosos costumes, a nosa lingua, reciban o mesmo respecto, a mesma honra, as mesmas prerrogativas e dereitos que os de outra calquera das Rexións que integran o Estado.

O NACIONALISMO

Si o agrario é un partido galego malogrado, o nacionalista é un partido galego en xerme. Da integración de ambos debe formarse un día —si os labregos chegan a espertaren e dárense de conta dos seus verdadeiros intereses— a forza política que defenda os da Rexión.

Unha integración de ambos, mellor dito, unha infusión de ideas rexionalistas no agrarismo, intentárase xa e conseguírase en Solidaridade Galega, e as Asambleas de Monforte estaban animadas deste espírito. De feito hai moitas sociedades agrarias que foron rexionalistas dende a súa orixe, e outras que aceptaron máis tarde todo o esencial do programa nacionalista. Unhas e outras existen na actualidade e están chamadas a xogaren un rol importante, pois delas hai que esperar a rexeneración do agrarismo na súa significación xenuína.

O nacionalismo galego, máis que un partido, constitue unha organización de múltiples actividades, sempre cunha arela decidida á acción política, e cunha forza, que é preciso recoñecer, reside, non no número, senón na calidade dos seus adherentes, entre os que se contan as persoas de meirande prestixio intelectual e de meirande prestixio moral da Rexión, e sobre todo na verdade da súa doutrina, na consistencia do seu programa, na súa clarísima visión dos intereses e dos problemas de Galiza.

Como doutrina, é unha evolución do rexionalismo histórico dos chamados Precursores, isto é, dos homes que dende 1840 deica perto de fin do século pasado, ergueron e sostiveron a bandeira do galeguismo. O nome venlles dun libro de Murguía, o historiador de Galicia, referente á primeira xeneración galeguista. Entre os Precursores —todo eles liberáis esaltados e románticos— merez especial mención Antolín Faraldo. En Antolín Faraldo atopamos xa o pensamento nacionalista case tan adiantado como na actualidade. Nunha Asamblea celebrada en Lugo en 1843 propuxo Faraldo se puxera a discusión si Galiza debía ser ou non independente. O feito de que non houbera máis que un voto de maioría a favor da tese de que aquilo non debía discutirse, é xa revelador. En 1846, Faraldo e os seus compañeiros quixeron aproveitar o pronunciamento da garnición de Galiza contra o gabinete de Istúriz e as súas reformas tributarias, para conseguir algo en favor de Galiza. Este espírito fáise ver nos manifestos e no periódico oficial da Xunta revolucionaria constituída en Santiago. Faraldo tiña o seu pensamento fixo no que chamaba a *Grande obra*, ou seña a reconstitución tradicional e a liberdade de Galiza.

Uns dez anos despois aparece xa francamente o rexionalismo con Vicetto e Murguía, e en 1855 fúndase na Cruña un xornal galeguista, *El Clamor de Galicia*, e escomenza a era dos historiadores e dos poetas e da completa rehabilitación da lingua.

Despois son os republicáns federáís, que chegan a aprobar nunha assemblea un proxecto de Constitución do Estado galego, e Alfredo Brañas, en Santiago, cuio libro *El Regionalismo*, publicado en Barcelona en 1889, menos avanzado en sentido nacionalista do que as ideas de Faraldo, tivo fora de Galiza unha grande resonancia. Murguía sostivo a bandeira aínda en *Patria Gallega*, de 1890 a 1892.

E así chegamos ao movemento solidario de 1907, a que nos temos referido no capítulo anterior.

O rexionalismo endexamáis desapareceu nin deixou de expresarse en todo este tempo. Así, pouco despois do movemento solidario e na época de Acción Galega, que tamén comenzo con carácter rexionalista, erguéuse a voz potente do grande poeta Ramón Cabanillas, nos poemas colecciónados no libro *Da Terra asoballada*.

Despois, en 1915, reúnese en Madrid un grupo de galegos, a meirande parte antigos solidarios, que organizan un curso de conferencias no Ateneu e fundan a revista *Estudios Gallegos*, que editaba e dirixía Aurelio Ribalta. Alí noticiábase e comentábase todo o relacionado co vivir galego, propúgnase o emprego e o ensino no noso idioma, estúdanse os nosos problemas económicos e sociais, abógase pola autonomía.

Este movemento repercutiu en Galiza: Antón Vilar Ponte publica o seu folleto-manifesto *Nuestra afirmación regional*, do que se esgotaron brevemente dúas edicións, e en maio de 1916 fúndase a primeira *Irmandade da Fala*, na Cruña, á que siguen outras en Santiago, Betanzos, Vilalba, Monforte, etc.

O pulo estaba dado e xa non se detivo: a data do 18 de maio de 1916 é unha data histórica que sinala unha nova dirección na vida de Galiza. *As Irmandades* concretaron o seu programa de acción nos puntos seguintes:

1º.- Espallar o emprego da lingua galega.

2º.- Conquerir unha ampla autonomía para Galiza.

- 3º.- Traballar para a solución de todos os problemas colectivos e permanentes da Terra galega.
- 4º.- Traballar polo espallamento da cultura científica, literaria e artística.
- 5º.- Intervir na política para que esta se faga en proveito do pobo.

Decontado puxéronse as *Irmandades* a organizaren cursos de conferencias, exposicións de arte, veladas de teatro e de música galega, concursos científicos e literarios, a editar obras de autores galegos, folletos de propaganda e a revista *A Nosa Terra*, ideárium das *Irmandades*.

Logo, os elementos máis caracterizados realizaron unha excursión a Barcelona, onde se puxeron de acordó cos rexionalistas cataláns pra unha campaña electoral conxunta. Seguíu unha excursión de Cambó por Galiza e outra segunda que realizou acompañado de numerosos elementos da Lliga rexionalista. Os rexionalistas adquiriron o diario cruñés *El Noroeste* e escomenzaron unha activísima campaña de mitins, conferencias, follas e folletos. Durante a viaxe de Cambó, todos os elementos anticaciquís acodían en masa a visítalo e solicitar a súa axuda, entanto os caciques, sobornando en moitos casos aos elementos militantes do obreirismo, organizábanlle algúns escándalos nas cidades, sobre todo en Ourense, dominado polos bugallalistas.

Nas eleccións de 1918 loitouse nalgúns distritos, obtendo votacións moi crecidas en relación coa situación política do noso país, pero o fracaso electoral foi completo. Despois de lidos os anteriores capítulos deste libro, non pode extrañar este resultado.

Cundíu o desalentó, e todos os elementos que arelosos de medro se incorporaran ás *Irmandades*, arredáronse de novo delas.

Non por eso perderon azos os galeguistas das *Irmandades*. A fins do mesmo ano de 1918, os días 17 e 18 de novembro, axuntáronse en Asambleia, na cidade de Lugo, e alí foi discutido e aprobado o programa do que dende entón se chama Nacionalismo Gallego, que levantóu o comentario e a crítica de toda a prensa caciquil.

Tampouco se detivo a actividade literaria e artística nin a propaganda doutrinal. Fundáronse novas *Irmandades* e seguíronse celebrando Asambleas: en 1919, en Santiago; en 1920, en Vigo; en 1921, en Monforte; en 1922, en A Cruña.

E dende a Asambleia de Lugo en 1918, a actividade dos galeguistas non se detivo un intre: nas súas publicacións propias, en revistas, en folletos, en libros, en follas soltas, nos xornáis de calquer clase e condición, en conferencias, en actos públicos, en exposicións ás autoridades, en calquer ocasión e con calquer pretexto, cunha fe a proba de decepcións e unha tenacidade desacostumada en Galiza, un día e outro foron expondo o seu ideario, proclamando sempre a persoalidade de Galiza, a necesidade para ela dun réxime autonómico, estudando os seus problemas, asinalando as súas necesidades máis urxentes, defendendo as súas tradicións e o seu idioma, espallando o coñecimento das súas características, do seu presente e do seu pasado, residenciando e negando ao seus representantes en Cortes e aos seus políticos.

E dende a Asambleia de Lugo de 1918 non rexistróu nin unha soia defección nas fías dos nacionalistas galegos; non houbo un soio que deixara de cumprir co seu deber cando foi requerido, cando non o fixo motu proprio. Pola contra, o número de adherentes e afiliados foi sempre aumentando, devagariño, pero constantemente.

E non foron estes os únicos resultados obtidos. Non falaremos aquí, neste libro adicado á política, dos enormes progresos realizados no orde cultural, da revista *Nós*, do Seminario de Estudos Galegos, do grande número de obras literarias, históricas, científicas que hoxe se publican en lingua galega, pois estas cousas son en realidade independentes do movemento político, inda que se deba todo á acción emprendida polas *Irmandades da Fala*. Pero temos que dicir que hai hoxe en Galiza unha concencia galega como non había en 1916. E si hai hoxe unha concencia galega; si hoxe a xente das cidades lé o galego e acepta de bon grado as publicacións escritas no noso idioma; si discute encol das necesidades e dos problemas de Galiza; si o nome desta soa a cada intre; si o afinamento que hoxe se pon en realizar melloras como carreteras, ferrocarrís, repoboación forestal, etc., etc., é moito máis acentuado e máis enérxico do que era denantes; si hai unha meirande preocupación polos intereses xerais, polo ben común, polos negocios públicos; si non se redúz xa todo a política miuda, senón que hai que darlle ao pobo melloras, siquer sexan soio materiáis, obra realizada; si somos hoxe moito máis do que éramos en 1916, a honra correspóndelle ás *Irmandades da Fala*.

Compre decir tamén que as ideas galeguistas non se reducen ao circo das *Irmandades*, senón que foron gañando tamén outros sectores de opinión, e que son sostidas na súa parte máis accesíbel aínda por elementos que se achan enfrente das *Irmandades*.

Outro dos éxitos do nacionalismo foi a renovación da prensa galega. O xornal que iniciou o movemento neste senso, que escomenzou a se poñer en condicións materiais, organización, etc., ao nivel dos xornais de Madrid, foi o diario de Vigo *Galicia*, malfadadamente desaparecido. Diario francamente galeguista e liberal de esquerda, sinalou unha nova dirección á prensa galega. O máis interesante do labor desenrolado por *Galicia* foi o independizarse por completo do pensamento e dos tópicos madrileños que os demais periódicos reproducían numéricamente (temos que facer unha excepción con *El Noroeste*, da Cruña, namentras foi rexionalista, pola súa orientación). *Galicia* ostentou dende logo un criterio propio, e en todas as cuestións opinou pola súa conta. Sucedeulle neste camiño *El Pueblo Gallego*, tamén de Vigo, tamén de matiz galeguista. Con esto, ata o vello *Faro de Vigo* tivo que se renovar e tomar en ocasións, cando se trata de asuntos galegos, outra posición.

Vexamos agora cal é fundamentalmente a doutrina do nacionalismo galego.

Galiza —din os nacionalistas— é unha nación. Tén todas as características dunha nacionalidade perfecta. Un territorio caracterizado entre todos os da Península, diverso de todos eles pola súa posición, pola súa constitución xeolóxica, pola súa *facies* fisiográfica, polo seu relevo, polo seu clima, pola súa vexetación e hastra pola súa fauna: o chamado *macizo galaico-duriense*. Unha raza, un fondo étnico diferente do do resto da Península na súa orixe, avencellado estreitamente cos pobos precélticos e célticos de Irlanda, Gales, Bretaña, Norde de Portugal, nos tempos prehistóricos, e moi semellante aínda a eles na súa maneira de vivir, carácter, crencias e costumes, e mesmo nos seus caracteres físicos. Unha lingua diferente das demais de España e separada sómente por pequenas variantes da de Portugal. Unha sociedade de pequenos labregos e mariñeiros, practicando a economía familiar e agrupándose comunalmente en pequenas parroquias de núcleos espallados no campo, ao revés da concentración observada en Castela, con pequeno cultivo intensivo, contra o cultivo extensivo ao engros que se practica nas terras do centro peninsuar. Todo é a diferenciala.

Ora ben: si Galiza é unha nación de feito, debe ter todas as prerrogativas que o Dereito lle concede ás nacións: goberno propio e autónomo que lle permita resolver por sí mesma os seus problemas; lexislación axeitada ao seu modo de ser e ás súas necesidades; liberdade para o seu desenvolvemento económico; dereito ao emprego, exclusivo ou non, do seu propio idioma e a desenvolver a súa cultura autónoma.

Poidera parecer que esta afirmación conduz ao separatismo, e, nembargantes, non é así. Non é que entre os nacionalistas galegos non haxa algúns, poucos, separatistas, sobre todo no orde técnico. Pero si os hai, nin actuaron nunca como tais, nin fixeron nunca propaganda das súas ideas, senón que sometidos ao pensar xeral, aceptaron o programa autonomista das Asambleas e tan só loitaron por el. O separatismo non é de ningún xeito unha secuela necesaria do nacionalismo, como algúns pensan. Nefeito, unha nación pode, sen abdicar de sí mesma, estar unida a outras de moitos xeitos, dende unha simple alianza — e hai moitos xéneros de alianza: militar, aduaneira, económica, etc. — hastra o pacto federal máis estreito que axunta a varias nacións baixo un goberno común pasando polas diversas maneiras de unión real e persoal que a historia nos mostra e que o pensamento concibe como posíbeis. E aínda se pode ir máis alá no sentido da unión, contentándose coa autonomía como concesión ou como delegación do Poder central.

Pero dun ou doutro xeito, a dignidade e o interés vital das nacións esixe unha suma de garantías para o libre desenvolvemento social, cultural, xurídico e económico. E este mínimo de garantías é o que o nacionalismo galego, desentendéndose de todo separatismo, pide para Galiza.

E aínda, dentro desta carta de garantías que o nacionalismo galego considera indispensábeis, e que na súa integridade sonrientes nun réxime federal serían acadábeis, escolláronse as que consumen o programa mínimo da Asambleia de Lugo, e que nalgúns documentos de propaganda foi resumido en forma de decálogo da maneira seguinte:

- I.- Autonomía de Galiza para todo o réxime interior, segundo se sinala detalladamente no programa.
- II.- Autonomía municipal e recoñecimento da persoalidade xurídica das parroquias.
- III.- Cooficialidade dos idiomas galego e castelán, e ensino do galego nas escolas.
- IV.- Igualdade de dereitos para a muller e para o varón.

V.- Representación proporcional e non elexibilidade dos que non rendan unha función útil para a colectividade.

VI.- Recoñecemento do dereito foral galego.

VII.- A terra para quen a traballe, ceibe de gravames, resume de todas as aspiracións agrarias.

VIII.- Repoboación forestal forzosa.

IX.- Entrega á propiedade particular ou comunal das terras incultas do Estado.

X.- Libre importación de cereáis e de canto percise a agricultura galega.

Mais o nacionalismo galego é algo máis que un partido político. Por eso figuran nel homes das máis diversas opinións: republicáns en grande número, socialistas, sindicalistas, comunistas, agrarios, dereitistas de ideas, carlistas ou xaimistas. É algo que avencella estreitamente a homes tan distanciados, que os avencella na máis íntima irmandade, pois o nome de *Irmandade* non é somentes unha palabra, senón unha realidade. Polo tanto, a doutrina do nacionalismo galego non se pode reducir ao exposto.

Consideran os galeguistas a nacionalidade como unha suma de dereitos colectivos e como unha suma de deberes. Por enriba das nacións existe a solidariedade humá que se expresa na obra común da cultura. Ora ben: esta obra esixe a existencia das nacións con todas as súas características e con todas as súas diferencias. As nacións teñen, polo tanto, ante a Humanidade o deber de autoconservación e de desenrolar cada unha a súa cultura autóctona, para arriquecer con elo o patrimonio espiritual da Humanidade. Ningunha tén, polo tanto, o dereito de se deixar anular. O esborrar as características dunha nación é un delito de lesa humanidade, e toda nación que se deixa esborrar sen resistencia rouba á Humanidade unha parte do seu tesouro. O nacionalismo é, pois, un imperativo ético, e é para os nacionalistas galegos unha sorte de profesión relixiosa. E un íntimo sentimento vital ao propio tempo.

Expuxemos a grandes rasgos todo o esencial do nacionalismo galego. Vexamos agora con qué conta o nacionalismo para loitar.

En primeiro lugar, conta cun núcleo de opinión que medra cada día, e que sostén: a persoalidade de Galiza, a restauración da cultura autóctona e a necesidade da autonomía.

Unha organización, as *Irmandades da Fala*, con ramificacións en todas as cidades e en moitas vilas de Galiza, co seu órgano *A Nosa Terra*.

Organizacións e grupos nas principais colonias galegas de América, especialmente en Bos Aires, un deles o da revista *Céltiga*, outro o da Sociedade Arte Pondal, etc.

Varias sociedades agrarias en Galiza e hoxe a Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais, que funciona en Bos Aires, co seu órgano *El Despertar Gallego*.

Concomitante con este movemento político, inda que independente do nacionalismo, temos un movemento científico, literario e artístico con institucións propias, como o Seminario de Estudos Galegos, a Sociedade de Amigos da Arte, a de Amigos da Paisaxe Galega, a Academia Galega, Coros rexionais, Sociedades culturais, a Editorial Nós, a revista deste mesmo título, etc.

Na prensa hai xornais enteiramente abertos ás ideas nacionalistas, como *El Pueblo Gallego*, e outros que as admiten máis ou menos circunstancialmente, inda que pertezan a outros sectores, como todos os de Ourense. Plenamente inclinados ao nacionalismo, ou polo menos simpatizantes con el, son tamén algúns xornais agrarios ou locais, como *El Emigrado*, de A Estrada; *Acción Sadense*, etc.

E por enriba de todo, o nacionalismo galego conta coa verdade e coa xusticia da causa que defende.

O nacionalismo non exclue a existencia de outros partidos galeguistas. Entende que todos os partidos galegos deberán selo. Desexa a contribución de todos ao conqurimento das nosas liberdades colectivas e ao engrandecimento da nosa rexión. Quixera que nos intres decisivos se uniran todos os partidos, dende a extrema dereita deica a extrema esquerda, para defender a Galiza, esquecendo por un intre as súas diferencias. Propugna a criación de partidos exclusivamente galegos. Pero non quere confundirse con ningún deles. Os nacionalistas poden ser do partido que queiran, sempre que a disciplina daquel ao que pertezan non lles empeza o servizo da causa. O nacionalismo galego, inda que teña unha franca orientación democrática e popular, esencialmente liberal — o seu fundamento último vén ser a

soberanía do pobo—, está en certo modo por enriba de todos os partidos, e no sentido do galeguismo, estará sempre máis alá que ningún deles.

TEORIA DO NACIONALISMO GALEGO.

A ÉTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Públicado no 1920

Os dereitos de Galicia como rexión hespañola

Deixamos demostrada no devantido, a *necesidade* de qu' os problemas eiscrusivos de Galicia, os problemas nosos, que afeutan á vida propia, ó intrínseco nacional da nosa Terra, sexan resoltos por nós mesmos, entre nós, sen inxerencia ningunha de fora. Esto impric' a autonomía.

E ben: hoxe non hai en Hespaña persoa conscente que s' estrema a negal-o dereito das rexións á autonomía. En todol-os programas polítecicos saídos á luz n-estes derradeiros dous anos, a concesión das autonomía rexionaes é un dos artigos que non pode fallar. Véxase o programa do partido reformista circulado fai pouco n-un pequeno volume; véxase o manifesto-programa do partido republicano repartido profusamente poucas datas antes de s' esquirbir estas liñas.

Véxans' as concrusións aprobadas no Congreso do partido socialista hespañol de 1919. onde o ilustre Pérez Solís sostivo aínda a solución máis radical, pedindo o *recoñecemento das nacionalidades ibéricas*.

Se se defende a autonomía dos municipios e mail-a das asociacións profesionaes (sindicatos) a das rexións non pode ser descoñecida. Tíñase alcanzada a autonomía individual-, os nosos tempos andan atrás das autonomía colectivas. Considérase qu' é a úneca fórmula pr' ó exercicio do *self government*.

E pol-o tanto iste, un punto que non compre discutiré.

Os dereitos de Galicia como nación

Temos dito que nós precisamos a autonomía pra por en produción a nosa nacionalidade. O noso fin é a creación d' unha civilización galega.

Non discutimol-o dereito de Galicia a ser unha nación: *Galicia é xa unha nación*; a nacionalidade galega é un feito xeográfico e histórico que se non pode negar. Galicia é un organismo vivo, e pol-o feito de selo, ten dereito á vida.

Agora, como vivir é ser deferente, a vida pr'ás nacionalidades, significa a preservación y-o desenvolvemento creador do seu xenio nacional.

Nós non queremos faguer de Galicia unha nación *soberana*; nós non queremos soparar á nosa Terra da simbiosis ibérica. Nós queremos formar parte de Hespaña e contribuir, *co noso xenio nacional galego*, á vida hespañola. Nós recoñecemos dende logo a soberanía do Estado hespañol. Mais consideramos coma un aldraxe e mais coma unha violencia contra da vida da nación galega, calquera medida do goberno central que atente ás nosas carauterísticas nacionaes, ós vínculos fundamentaos da nosa comunidade espiritual, que nos consideramos sagrados e intanxibles.

Este dereito das nacionalidades á propia vida—garantía necesaria pra qu'elas podan desenvolvel-a súa civilización e contribuir á civilización do Estado ó qu' están xunguidas e mais á civilización do mundo—está xa reconecido no dereito moderno.

Efeutivamente, na Conferencia da Paz suscitouse o problema dos dereitos das *minorías nacionaes*. Enténdese por minorías nacionaes «os grupos de súditos d' un Estado que son de raza e de língoa deferente das da maioría do Estado». Estes grupos, nin poden formar Estados independentes, nin poden

ser axudicados ó Estado nacional ó que deberán corresponder; teñen pois, que ficar dentro d' un Estado que non é a súa nación propia.

As potencias aliadas creeron que cumpría garantir ás minorías nacionaes, *un minimum de dereitos, y- o prencipal d' eles é o ensino no idioma propio*. As minorías nacionaes deberán estar baixo a protección da Liga das Nacións.

O principio, co' esto, está xa asentado, e responde ás novas conceucións do dereito político e internacional. Según él, a soberanía dos grandes Estados territoriaes, xa non pode ser absoluta e ilimitada. E conforme a este principio, toda minoría nacional pode esixir do Estado de que forma parte ese minimum de dereitos. É o que nós pedimos pra Galicia.

O deber de Galicia como nación.

Mais non soio invocamol-os dereitos de Galicia como rexión hespañola e como nación, senon que —universalistas primeiro que todo— invocamol-o *deber de Galicia como nación*.

Porque, se Galicia ten deberes que cumprir pra con Hespaña, tamén ten deberes que cumprir pra coa Humanidade. Y-hai que ter en conta, qu' os deberes de Galicia pra con Hespaña han seré sempre condicionaes: sempr'e cando o Estado hespañol respet'os dereitos e recoñez'a personalidade da nación galega.

Galicia ten o deber de contribuir á civilización universal. E somentes preservand'as nosas enerxías autótonas, a nosa capacidade de creación, é como poderemos contribuir á civilización universal, incorporánd'a ela as nosas creacións inéditas. Isto imponnos a obriga de sermos cada vez mais galegos. O *enxebriismo* ten este outo senso d'humanidade, que non saben ver ises homes mediocres do «rexiona-lismo ben entendido» e pancista, os do «primeiro hespañoles e dempois galegos...»

O noso *deber nacional* obríganos a conservar y-a desenrolar a tradición galega na fala, na arte, no pensamento, no dereito, no traballo, y-a botar abaixo todol-os empedimentos que s'opoñan a elo, sexan os que foran.

O noso *deber nacional* obríganos ó cultivo costante, sen descanso, da nosa orixinalidade, qu' é. a que pode dar valor universal as nosas creacións, a que nos pode levar a sermol-os forxadores d' unha civilización.

Galicia non chegará a ser nada se s' uniformiza co resto da Hespaña. Ser deferente é ser esistente. Na conservación dos nosos caracteres nacionaes, temol-a obriga de sermos intransixentes. Poderemos ceder en todo, se non é n-esto: o noso tesouro espiritual non debemos consentir que nol-o saquen. Sobre d' él ten un dereito, unha sorte de *dominio eminente* a humanidade.

Nós podemos, nós debemos esixir do Estado hespañol que nos deixe cumpril-o noso deber nacional. Nós podemos, se nonol-o concede, negar todol-os nosos deberes pra co Estado.

A vontade nacionalista

S'a natureza fixo de Galicia unha nación, s' a razón proqram' o noso dereito y-o noso deber de selo, inda nos compr' a vontade.

Dirásenos: Hai en Galicia tal vontade de ser nación? Haina. Esquecida nos trafegos do vivir cotidian, dormida no fondal das concencias, suvertida pol-as argalladas dos políticos de profesión, asoballada na servidume política e social, pro haina. Ela mantén total-as ansias de rebeldía qu'antre nós

estralan eiqui y-aló en estoupos de pólvora sola; ela sostén esa xenreira xorda, esa xenreira inconsciente que nos com'o sangue, que nos fai xemer de desespranza na nosa redención. E cand' un sabe ehegar ó mais fondo d'un curazón galego, ela xurde, xurd'en labaradas d'espranza e de coraxe... 'É qu'o istinto segredo dos pobos se non pode matar, y-ó pobo galego soio lle compre *comprender pra querer*.

Ademáis, chega ben que nos, a élite nacionalista, minoría inteleatual chea do espírito do seu tempo e levando nas maus a chave do mañan, teñamos esa vontade pra créala en todol-os demáis. Moitas veces chegou un home solo, lembraivos de Moisés, d'Ulfilas, de Mahoma. No libro admirabel de Lutoslawski *Volonté et Liberte*, atópanse cousas qu'istruien moito sobor do papel das persoalidades poderosas na historia dos pobos. Tamen nos intresa estudar n-ese libro o nacionalismo polaco, o mesianismo cheo de vontade, de mística confianza dos Cieskowski dos Mickiewicz, dos Trangutt.

Mais o nacionalismo galego non é mesiánico no sentido d'agardar un Redentore chovido do ceo. Creemos qu'o que fixes'unha persoalidade sobrehumana, podes'estrever a facelo unha aristocracia inteleatual fortemen'taxuntada «en falanxe de ferro ben tecida», determinada á obra con empeño.

Nosa misión é crear en Galicia a vontade nacional. Esta misión quere que nós teñamos unha fe inquebrantabel nos destinos da raza, y-un culto relixoso y-esaltado pol-a terra. Imprica a imperiosidade do esforzo constante pr'á vigorización y-a esaltación de todol-os nosos valores espirituales. Un culto, non contemplativo, mais autivo e vital das tradicións autótonas, que nos hemos sacar da sua inmovilidade de museu e habemol-as traer á vida e mais ás loitas do presente. Cheg'aron días en que compre dar terra a todol-os mortos d'onte, e desfaixar e galvanizar-as momias de tempos mais antigos.

E unha misión de creadores e de profesores d' enerxía. Por eso somos tan perigosos: atrás de nós, ergueranse total-as rebeldías, total-as cousas ás que nós de ningunha maneira podemos ter medo, mais que farían tremar a moitos. Sonan con farta novidade as nosas verbas. Por eso tamén a nosa responsabilidade é imensa: mail-o noso pecado, a nosa transgresión imperdoabel, houbera sido de nos calar, houbera sido de inibirmonos. Non debemos xa perguntare, senon irmos pol-o noso camiño; non debemos deixar nada pra mañán: «é indecente un remordimento de conciencia» dixo Nietzsche. O noso convencimento hase vigorizar na aución.